

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O 13 DE XUÑO DE 2007.**

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as doce horas do día trece de xuño do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Luis Alonso Riego e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Ignacio Saa González.  
D. José Vicente Ferreira.  
D. José Luís Lomba Álvarez.  
D. Manuel Alberto Franco Peixoto.  
Dona Teresa de Jesús Cadilla González.  
D. Jose Manuel Domínguez Freitas.  
D. Miguel Angel Español Otero  
D. Paulino Rodríguez González.  
D<sup>a</sup> Carmen M<sup>a</sup> Castro González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Álvarez.  
D. José Bernardo Cadilla Lomba.  
D. Antonio Lomba Baz.  
D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.  
Dna. Isabel Lidia González Alonso.  
D. Luís Rodríguez Díaz.  
D. Xan Lois Lomba Alonso.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

**PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (EXTRAORD 02/05/2007; ORD 05/05/2007; EXTRAORD URX 16/05/07; EXTRAORD 22/05/2007).**

O señor Alcalde felicita ós Antonios, e di que dará un turno para os que queiran intervir para despedirse.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que desexa os mellores éxitos ós concelleiros que deixan a Corporación, está encantado de traballar polo ben do pobo de A Guarda, e espera gardar unha relación de amizade con todos eles.

A señora Cadilla González desexa á nova Corporación moitos éxitos e que o fagan mellor que eles.

O señor Saa di que se leva gratos recordos, e algúns non tan gratos, pero quere agradecer ós compañeiros de Corporación a relación fluída. Para o que entran, a ver se son capaces de facelo mellor.

Intervén o señor Domínguez Freitas e di que o GMS non tiña nada preparado para este momento. Di que non hai ocupación máis bonita na vida política que ser concelleiro do teu propio pobo, deben estar honrados por que os cidadáns depositaran a súa confianza neles. Houbo sabores e sinsabores, pero deben prevalecer os bós momentos, na vida política se fan moitos amigos, e ós que se van os considera amigos, espera que sexa recíproco. Deséxalles saúde e éxitos, e poder disfrutar das súas familias. Os que quedan aquí teñen que facelo ben, van a intentalo. Se alguén sentiuse aludido por críticas feitas polo GMS, non foi nada persoal, senón unha forma de estímulo para que fixeran mellor as cousas. Espera que lles vaia ben, en beneficio de A Guarda.

Intervén o señor Alcalde e di que esta é a súa despedida total da vida política. Quere agradecer a todos o trato nestes catro anos, e pedir desculpas se ofendeu a alguén. Desexa o mellor á Corporación entrante, sobre todo ó GMS e ó señor Domínguez Freitas, para beneficio do noso pobo e dos veciños. Di que estará a disposición de todos, e dálles unha forte aperta e deséxalles moita sorte.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente á sesión **extraordinaria plenaria** celebrada en **data dous de maio de dous mil sete**, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Franco Peixoto, Vicente Ferreira, Cadilla González, Lomba Álvarez, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Español Otero, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Cadilla Lomba, Castro González, Lomba Baz, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente á sesión **ordinaria plenaria** celebrada en **data cinco de maio de dous mil sete**, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Franco Peixoto, Vicente Ferreira, Cadilla González, Lomba Álvarez, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Español Otero, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Cadilla Lomba, Castro González, Lomba Baz, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente á sesión **extraordinaria urxente plenaria** celebrada en **data dezaseis de maio de dous mil sete**, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Franco Peixoto, Vicente Ferreira, Cadilla González, Lomba Álvarez, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Español Otero, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Cadilla Lomba, Castro González, Lomba Baz, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente á sesión **extraordinaria plenaria** celebrada en **data vintedous de maio de dous mil sete**, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Franco Peixoto, Vicente Ferreira, Cadilla González, Lomba Álvarez, Rodríguez Díaz, Domínguez Freitas, Español Otero, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Cadilla Lomba, Castro González, Lomba Baz, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e quince minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

A Secretaria

O Alcalde-Presidente en funcións

Jose Luis Alonso Riego

Julia Mª Carrasco Glez-Alegre